

ACTA Nº 1/2006 DA COMISIÓN DE PERSOAL

ASISTENTES:

Vicepresidente en funcións de Presidente: José Rodríguez González, Director Xeral da Función Pública

Pola Administración:

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Ramón del Valle López

Presidencia: Secretaria Xeral de Política Lingüística: M^a Sol López Martínez.

C. de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Francisco Carballal Lugrís, Juan José Gómez Romero, Enriqueta Vía Leira, Víctor Gallego Vincent e Javier Corrales Piquero (EGAP).

C. de Economía e Facenda: M^a Dolores Rodríguez Amaya e María Blanco Aller

C. de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: Luis Vázquez Rodríguez

C. de Innovación e Industria: Lourdes Courtier Ramos

C. de Medio Rural: Alberte Souto Souto

C. de Educación e Ordenación Universitaria: José Luis Canosa Baldomir

C. de Pesca e Asuntos Marítimos: Marta Ramos Lage

C. de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: Jaime Baltar Tojo

C. de Traballo: José Vázquez Portomeñe

Polas organizacións sindicais:

CIG: Manuel Gallardo Canitrot, Alfonso Diéguez Batán e Henrique Salas Ellacuriaga

CCOO: José Emilio Doforno Guzmán, Manuel García Cendón e M^a Dolores Bestilleiro Liñares

UGT: Rosario Valledor Puente e Miguel Angel Dono Gómez

CSI-CSIF: Alvaro Fernández Baamonde e Carmen Noya Castro

Secretario: Andrés Castro Bande

En Santiago de Compostela, sendo as 13:00 horas do día 30 de xaneiro de 2006, réunese, en sesión ordinaria, na Sala D da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Comisión de Persoal coa asistencia das persoas anteriormente relacionadas, segundo a seguinte orde do día:

Punto primeiro- Lectura e aprobación, se procede, da acta nº 12/2005.

Punto segundo- Proposta de modificación da relación de postos de traballo (RPT) da Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

Punto terceiro- Proposta de convocatorias de Persoal Laboral por promoción interna e acceso libre, derivadas da OEP de 2005: Grupo I (excepto Titulado Superior e Titulado Superior Ambiental), Grupo II (excepto Titulado Grado Medio) e Grupo IV (excepto Legoeiro).

Punto cuarto- Proposta de Decreto polo que se regulan as comisións ou grupos de traballo para o desenvolvemento de procesos relativos ao persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Punto primeiro.- Lectura e aprobación, se procede, da acta nº 12/2005.

Dáse conta da acta nº 12/2005 do 30 de decembro de 2005 e apróbase polos representantes da Administración e das Organizacións Sindicais.

Punto segundo- Proposta de modificación da relación de postos de traballo (RPT) da Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

* O representante da CIG manifesta:

- Que hai un importante incremento nos orzamentos da EGAP (falando do programa 122A “formación e perfeccionamento do persoal”). Entende que unha parte se destinará non á formación de funcionarios senón á formulación de políticas públicas, entendendo que se están invadindo competencias de outros departamentos da Xunta de Galicia. Estase abrindo unha praza a docentes para investigación de políticas públicas; materia que, ao seu entender, é competencia da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas.

- Maniféstase en contra.

* O representante da organización sindical CCOO:

- Maniféstase en contra, dado que as funcións do posto son administrativas e non docentes.
- Solicita que haxa reciprocidade e que se abran os postos de docentes a funcionarios da Administración Xeral.

* A representante de UGT:

- Se manifesta en contra da proposta presentada e solicita reciprocidade coa Administración Educativa.

* O representante de CSI-CSIF está en desacordo coa apertura do posto a docentes e vota en contra.

* O representante da EGAP ratifícase nos argumentos xa expostos na reunión previa cos representantes sindicais e na Mesa Xeral, polo que se reafirma na necesidade da apertura do posto de traballo a docentes.

Finalmente, infórmase favorablemente a proposta de modificación co voto a favor dos representantes da Administración e o voto en contra das organizacións sindicais CIG, CCOO, UGT e CSI-CSIF.

Punto terceiro- Proposta de convocatorias de Persoal Laboral por promoción interna e acceso libre, derivadas da OEP de 2005: Grupo I (excepto Titulado Superior e Titulado Superior Ambiental), Grupo II (excepto Titulado Grado Medio) e Grupo IV (excepto Legoeiro).

* O representante da CIG:

Vota en contra e manifesta que as súas alegacións ás bases das convocatorias xa foron presentadas por escrito; entre outras:

- Que se estableza na quenda libre o aprobado co corte do 50% tal como está en promoción interna.
- Que o tribunal sexa elidido mediante sorteo.
- Que non desconten as respostas incorrectas.

- Que se inclúa o bacharel para auxiliar primeiro de cociña.
- Que se elimine o carne grupo E para condutores.
- Que se modifiquen temarios como os de psicólogos e os adxuntos de taller.
- Que están en contra das probas prácticas.

*O representante de CCOO:

- Oponse á retirada unilateral do Orde do día das Convocatorias do Grupo I (Titulado Superior e Titulado Superior Ambiental) Grupo II (Titulado Grado Medio) e Grupo IV (Legoeiro).

** O Presidente da Comisión manifesta que que non se van a retirar as citadas convocatorias. Que se necesita un pouco máis de tempo para o seu estudo e que se presentará na seguinte convocatoria da Comisión de Persoal.

* O representante de CCOO, vota en contra con base ás alegacións xa presentadas por escrito; entre outras:

- Que se reduzan os temarios.
- Que se reduzan o número de exames e que estes sexan todos test.
- Que a nota de corte estea no 50%.
- Que se simplifiquen os modelos de instancias.
- Que sexan 5 preguntas de reserva.
- Que se inclúan un anexo cos saltos de grupo.
- Que os exames sexan en galego e en castelán.
- Que o desenvolvemento do tema non sexa eliminatorio e sen lectura pública.
- Que haxa cinco días para alegacións sobre as preguntas.
- Que se rebaixen as taxas.

* A representante de UGT manifesta:

- Non lle parece correcto que na fase de concurso se valore a experiencia na empresa privada para Acceso Libre, pero non así para Promoción Interna.
- Non lle parece correcto que no Grupo II se valore o mesmo a experiencia que a formación, ao contrario que no resto dos grupos.
- Que se lle dé publicidade aos dous test que se sortean e non só ao elixido no sorteo.
- Que se altere a prelación con obxecto de que as persoas procedentes da quenda de discapacitados teñan preferencia para elixir destino.
- Deberíase elaborar un Regulamento de funcionamento dos Tribunais.
- Que o corte estea no 50%.
- Que se reduzan o número das probas.
- Que so se esixa carné C para condutores.
- Que haxa taxas únicas e máis reducidas.
- Que se inclúa un anexo con saltos de grupo para promoción interna.
- Promoción interna realmente separada.
- Non lles parece correcto que se aproben as presentes convocatorias, cando aínda están sen finalizar convocatorias correspondentes á OEP de 2004.
- Por todo elo, vota en contra.

* O representante do CSI-CSIF manifesta:

- Que apareza bacharelato nos oficiais de cociña.
- Condutores só co carné C.
- Que se revise a titulación de auxiliar de enfermería.
- Que os supostos prácticos sexan tipo test.
- Que os exames sexan en galego e castelán.
- Promoción interna realmente separada.
- Que non desconten as respostas incorrectas.
- Vota en contra.

Finalmente, infórmase favorablemente as propostas das convocatorias de convocatorias de Persoal Laboral por promoción interna e acceso libre, derivadas da OEP de 2005: Grupo I (excepto Titulado Superior e Titulado Superior Ambiental), Grupo II (excepto Titulado Grado Medio) e Grupo IV (excepto Legoeiro), co voto favorable dos representantes da Administración e o voto en contra das organizacións sindicais CIG, CCOO, UGT e CSI-CSIF.

Punto cuarto- Proposta de Decreto polo que se regulan as comisións ou grupos de traballo para o desenvolvemento de procesos relativos ao persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

** Toma a palabra o Presidente da Comisión e manifesta que se celebrou unha xuntanza previa sobre o particular coas organizacións sindicais nas dependencias da Dirección Xeral da Función Pública e que entende que non é necesario que a proposta de Decreto pase pola Mesa Xeral de Negociación, pero sí pola Comisión de Persoal.

A xustificación da Proposta de Decreto contense no seu preámbulo e en que se eliminaron as Asistencias Técnicas que realizaban con anterioridade este tipo de traballos.

A Proposta de Decreto conta cos informes favorables da Asesoría Xurídica e da Dirección Xeral de Orzamentos.

Trátase dun órgano instrumental e de participación voluntaria por parte do persoal.

* O representante da CIG maniféstase, en principio, a favor pero soamente como medida temporal, ao entender que a solución definitiva pasa porque a Dirección Xeral da Función Pública debe incrementar os seus recursos humanos, medios materiais e sobre todo informáticos.

- Presenta un escrito con alegacións á proposta de Decreto, o lee e solicita que se xunte como Anexo á presente Acta.
- Solicita que conste en Acta que a participación do persoal e dos vocais sindicais será en todo caso voluntaria.

* O representante de CCOO manifesta:

- Que xa presentou un escrito sobre o particular ante a Dirección Xeral da Función Pública no que manifesta o seu rexeitamento á Proposta de Decreto, ao entender que a problemática considerada, non se resolve del modo formulado, senón dimensionando e dotando axeitadamente á Dirección Xeral da Función Pública dos recursos humanos e materiais precisos.
- Solicita que non se publique o Decreto. Vota en contra.

* A representante de UGT manifesta:

- Que a problemática existente na Dirección Xeral da Función Pública non se solventa coa fórmula proposta, senón dotando á Dirección Xeral da Función Pública do persoal necesario e informatizando os expedientes de todo o persoal.
- Non poden estar de acordo coa solución que se propón, polo que vota en contra.

* O representante de CSI-CSIF maniféstase, en principio, a favor sempre e cando se trate dunha medida temporal e en tanto en cuanto non se dote suficientemente de persoal e medios á Dirección Xeral da Función Pública.

** O Presidente da Comisión manifesta que se irán informatizando os expedientes de todo o persoal pero que elo require o seu tempo e que tampouco é fácil dotar de persoal agora mesmo á Dirección Xeral da Función Pública.

Ratifica o carácter voluntario da participación do persoal funcionario ou laboral fixo da Administración da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos (incluíndo os vogais sindicais) nos grupos de traballo.

Finalmente, infórmase favorablemente a proposta de de Proposta de Decreto polo que se regulan as comisións ou grupos de traballo para o desenvolvemento de procesos relativos ao persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, co voto favorable dos representantes da Administración e das Organizacións Sindicais CIG e CSI-CSIF e o voto en contra de CCOO e UGT.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 14:30 horas do día anteriormente sinalado.

Vº e praxe,

Dou fe

**O VICEPRESIDENTE EN FUNCÍONS
DE PRESIDENTE**

O SECRETARIO

José Rodríguez González

Andrés Castro Bande